

En cumprimento do disposto no artigo 49.b da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local e no artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei de Facendas Locais, sométese a información pública por prazo de trinta días, contados desde o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para os efectos de presentación de reclamacións e suxestións. Podendo examinarse o expediente nas oficinas municipais, durante dito prazo no horario de atención ó público.

Castro de Rei, 30 de novembro de 2023.- O alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 3802

## GUITIRIZ

### *Anuncio*

Mediante acordo de XGL de data 22/11/2023 aprobáronse as bases e convocatoria para a selección de ;

#### **1 técnico/a de turismo, persoal laboral fixo (OEP 2020, estabilización persoal laboral temporal)**

Quen desexe formar parte no proceso selectivo deberá presentar solicitude no modelo oficial a disposición das persoas interesadas nas dependencias administrativas do Concello de Guitiriz e na paxina web do Concello de Guitiriz ([www.concellodeguitiriz.com](http://www.concellodeguitiriz.com)), dirixidas á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, ou a través dos restantes medios admitidos legalmente, e o prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOE.

A resolución completa coas bases da convocatoria pódese consultar na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Guitiriz.

Guitiriz, 29 de Novembro de 2023.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira

R. 3803

## MEIRA

### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Por Resolución da Alcaldía núm. 665/2023, de data 1 de decembro de 2023, se prestou aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de novembro de 2023, na modalidade de SAF básico e dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **Anuncio de cobranza**

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 1 de decembro de 2023 ao 1 de febreiro de 2024.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.